



NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Servizos Sociais – JPLB	
Número expediente:	Documento:
SSO/205/2019	SSO13I20Q
3G506U1Z3Y6Z6J1C042R	

INFORME MOTIVADO DA XEFATURA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO SOBRE A NECESIDADE DE CONTRATAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO AXUDA NO FOGAR.

Ao amparo do disposto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é obxecto do presente informe a necesidade de proceder á contratación da prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás persoas usuarias do Concello de Narón.

1.- DESCRICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste informe é a necesidade de contratar unha empresa autorizada e acreditada para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, (consonte establece o Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento), para os usuarios do termo municipal de Narón, tanto na modalidade de atención a persoas con valoración de Dependencia, como na modalidade básica ou libre concorrència.

2. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR CO CONTRATO PROXECTADO

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) é un servizo público de carácter local constituído polo conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas usuarias co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, tanto na modalidade de Dependencia como na de Libre Concorrència.

O servizo garantirá:

- Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades de la vida diaria.
- Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros.
- Servizos de carácter psicosocial, familiar, educativo e relacionados co contorno. Trátase de intervencións técnico-profesionais, de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, afectivas, de convivencia e integración na comunidade, así como a mellora da dinámica familiar.
- Servizos e axudas complementarios cuxo obxecto é mellorar a calidade de vida das persoas (actividades de acompañamento, axudas técnicas, podoloxía, perruquería, etc).

As atencións do SAF terán un carácter complementario das propias capacidades da persoa usuaria do servizo, estarán perfectamente especificadas no proxecto de intervención individual cuxa emisión compete ao Concello e baixo a estreita supervisión do persoal técnico municipal e da entidade xestora.

A prestación do servizo farase consonte o determinado no Regulamento Municipal de Axuda no Fogar, no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014 de 6 de novembro e demais disposicións concordantes de aplicación.

3.- IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.

Xustificación:

O Concello de Narón ten a obriga de prestar o Servizo de Axuda no Fogar, no ámbito das súas competencias, en cumprimento do disposto no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, da Xunta de Galicia.

O contrato vixente coa empresa que actualmente ten adxudicada a xestión do servizo, finaliza o día 31 de agosto de 2019, e aínda que existe a posibilidade de prórroga, as necesidades económicas actuais do contrato fan imposible continuar coa actual empresa por superar o gasto anual o importe máximo do límite do contrato.

O Concello de Narón tampouco conta con persoal para realizar a prestación do SAF, polo que ineludiblemente debe contratar o servizo con empresas especializadas na xestión deste tipo de prestacións, que contén cun



NARÓN

programa de axuda no fogar autorizado pola Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social no ámbito do Concello de Narón, que coas garantías suficientes poida acometer con éxito dita necesidade.

4.- Prazo de execución:

O prazo de execución será de **dous anos** a contar desde o día que se estipule no contrato.

O contrato poderá ser prorrogado, por acordo expreso do órgano de contratación, por un prazo máximo de outros dous anos, sendo esta prórroga obrigatoria para o empresario ó amparo do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5.- Importe máximo de licitación:

O tipo máximo desta licitación establécese en **17 euros/hora máis IVE**, tanto para a prestación do SAF na modalidade de Dependencia, como para a prestación do servizo en Libre Concorrenza. Este prezo/hora máximo será de aplicación tanto á prestación do SAF en horas ordinarias como á prestada en días festivos ou en período nocturno.

Sobre este prezo máximo unitario por hora, os licitadores realizarán as súas ofertas á baixa.

O IVE a aplicar na facturación das horas prestadas na modalidade de Dependencia será o 4% e na modalidade de Libre Concorrenza será do 10%.

Para a estimación do importe máximo de licitación que se detalla a continuación, tomouse como referencia a asignación actual de horas/ano por parte da Xunta de Galicia ao Concello de Narón, para usuarios con Dependencia, así como a previsión de incremento anual do número de horas que podería asumir o Concello de Narón no caso de incrementarse a asignación por parte da Xunta de Galicia, incluíndo, así mesmo, a previsión de horas/ano de prestación do SAF na modalidade de Libre Concorrenza.

As estimacións do contrato, incluídas as súas prórrogas, son as seguintes:

Modalidade Dependencia:

Total de horas/ano asignadas ó Concello de Narón en agosto de 2019: 151.320 horas/ano. (12.610 horas/mes x 12 meses).

Partindo do total de horas asignadas no ano 2019 e das previsións sinaladas no parágrafo anterior, o número de horas anuais estimadas do contrato na modalidade de Dependencia (incluídas as posibles prórrogas) é o seguinte:

Anualidade	Número estimado de horas/ano a prestar na modalidade de Dependencia
Anualidade 2020 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	157.000 horas/ano
Anualidade 2021 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	171.000 horas/ano
1ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2022 ó 31 de decembro 2022)	171.000 horas/ano
2ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2023 ó 31 de decembro 2023)	171.000 horas/ano
Total horas Dependencia (4 anos de contrato): 670.000 horas	

Total de horas necesarias na modalidade de Dependencia a prestar en toda a vixencia do contrato, incluídas as posibles prórrogas: 670.000 horas.

Modalidade Libre Concorrenza:

Previsión anual: 2.000 horas/ano.

Partindo da previsión anual anterior, o desglose do número de horas/ano do contrato na modalidade de Libre Concorrenza (incluídas as posibles prórrogas) é o seguinte:

Anualidade	Número estimado de horas/ano a prestar na modalidade de Libre Concorrenza
Anualidade 2020 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	2000 horas/ano
Anualidade 2021 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	2000 horas/ano
1ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2022 ó 31 de decembro 2022)	2000 horas/ano
2ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2023 ó 31 de decembro 2023)	2000 horas/ano
Total horas Dependencia (4 anos de contrato): 8.000 horas	



NARÓN

Total de horas necesarias na modalidade de Libre Concorrenza a prestar no prazo máximo dos catro anos de execución do contrato (incluídas as prórrogas): 8.000 horas.

No caso de non facer uso da totalidade das horas previstas tanto para Dependencia como para Libre Concorrenza, o Concello poderá utilizar as horas sobrantes indistintamente para a prestación dos servizos en calquera das modalidades en caso de ser necesario.

En función da estimación do número de horas necesarias en Dependencia e Libre Concorrenza e do importe do prezo/hora máximo (17 €/hora máis IVE), o importe máximo de licitación en toda a vixencia do contrato, incluídas as posibles prórrogas, será o seguinte:

Importe máximo do SAF Dependencia: 670.000 horas x 17 euros/hora = 11.390.000 euros máis IVE.

Iva aplicable en Dependencia (4%) = 455.600 euros.

Total SAF Dependencia (4 anualidades): 11.845.600 euros IVE incluído.

Importe máximo do SAF Libre Concorrenza: 8.000 horas x 17 euros/hora = 136.000 euros máis IVE.

Iva aplicable en Libre Concorrenza (10%) = 13.600 euros.

Total SAF Libre Concorrenza (4 anualidades): 149.600 euros IVE incluído.

Importe total do contrato (Incluídos os IVE respectivos) no prazo máximo de execución (incluídas as prórrogas): 11.995.200 euros IVE incluído.

A distribución do orzamento do contrato será o que segue:

Anualidade	Distribución do orzamento por anualidades
Anualidade 2020 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	2.813.160,00 euros IVE incluído
Anualidade 2021 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro)	3.060.680,00 euros IVE incluído
1ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2022 ó 31 de decembro 2022)	3.060.680,00 euros IVE incluído
2ª Anualidade de prórroga (Do 1 de xaneiro 2023 ó 31 de decembro 2023)	3.060.680,00 euros IVE incluído
Total contrato máis prórrogas (4 anos de contrato)	11.995.200 euros IVE incluído

A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a 11.526.000 euros.

A distribución do orzamento por anualidades, ó tratarse dun contrato de tracto sucesivo, será o que segue:

Anualidade	Distribución do orzamento por anualidades
Anualidade 2020 (Do 1 de xaneiro ó 30 de novembro)	2.558.103,34 euros IVE incluído
Anualidade 2021 (Do 1 de decembro ó 30 de novembro)	3.060.680,00 euros IVE incluído
Anualidade 2022 (Do 1 ó 31 de decembro 2021)	255.056,66 euros IVE incluído
Anualidade 2022 (Do 1 de xaneiro ó 30 de novembro)	2.805.623,34 euros IVE incluído
Anualidade 2023 (Do 1 ó 31 de decembro 2022)	255.056,66 euros IVE incluído
Anualidade 2023 (Do 1 de xaneiro ó 30 de novembro)	2.805.623,34 euros IVE incluído
Anualidade 2024 (Do 1 ó 31 de decembro 2023)	255.056,66 euros IVE incluído
Total contrato máis prórrogas (4 anos de contrato)	11.995.200 euros IVE incluído

O copagamento dos usuarios do sistema de Dependencia haberá de axustarse ao establecido na Ordenanza Municipal de aplicación en función da súa capacidade económica determinada polo Servizo da Atención á Dependencia.

6.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) aprobada polo Concello-Pleno do Concello de Narón en data 24/04/2014, e publicada o 19/06/2014 no BOP da Coruña.

Ordenanza Fiscal Nº 17 Reguladora da Taxa pola Prestación dos Servizos de Axuda no Fogar Municipal.

Decreto 99/2012, de 16 de marzo da Xunta de Galicia, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado parcialmente polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, e Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, e demais normativa de aplicación.

7.- RESPONSABLE TÉCNICO DO CONTRATO.



NARÓN

O departamento técnico responsable do contrato será o Servizo Sociocomunitario Municipal, tal como se recolle na estrutura orgánica municipal. Os responsables técnicos do servizo serán a xefa do servizo, auxiliada polas traballadoras sociais, o técnico de xestión orzamentaria, a técnico de xestión, e o administrativo adscrito ó servizo.



Asinado dixitalmente por:
A Xefa Do Servizo
Sociocomunitario
Maria Yolanda Martínez García
09/08/2019 14:09:00